

**CONCELLO
DE VIGO**



REGULAMENTO GRAN PREMIO INTERNACIONAL CIDADE DE VIGO

1. A delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, co patrocinio da CONCELLERIA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, organiza o GRAN PREMIO INTERNACIONAL CIDADE DE VIGO, a desenvolverse nas pistas do Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos o día 5 de xullo do 2025. Haberá probas de carácter autonómico, nacional e probas incluídas no CALENDARIO INTERNACIONAL NIVEL 2 sendo estas:

Disco- salto de lonxitude- 100 m.l - 1.500 m.l- 3.000 m. obstáculos en categoría masculina e Disco e 100 m.l e salto de lonxitude en categoría feminina.

2. Os ganadores finais do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO estableceranse contabilizando as marcas acadadas, segundo a táboa internacional, (Táboa Húngara edición 2017), sempre para probas sénior.

Haberá unha clasificación feminina e outra masculina. Estes premios para cada especialidade e sexo serán:

- TROFEO CONMEMORATIVO DO EVENTO e 500€ para cada un dos gañadores
- 250€ para o segundo e segunda e
- 150€ para o terceiro e terceira.

Adxunto preséntase o programa de probas . Se ben este é o programa base, poderanse incluír probas fora de este programa, en función das necesidades que poidan xurdir en busca de marcas mínimas para campionatos.

Ademais os gañadores de cada unha das probas recibirán unha medalla conmemorativa do evento.

3- O **Horario** será o que se detalla a continuación:

19:30	DISCO	Homes (Sub18 en diante)	INTERNACIONAL
	DISCO	Mulleres (Sub18 en diante)	INTERNACIONAL
	LONXITUDE	Homes (Sub 10- Sub 12)	
	LONXITUDE	Mulleres (Sub 10- Sub 12)	
	500 m l.	Mulleres (Sub 10 e sub 12 e sub 14)	
19:50	500 m l.	Homes (Sub 10 e sub 12 e sub 14)	
20:10	600 m l.	Mulleres (Sub 16)	
20:20	600 m l.	Homes (Sub 16)	
20:30	100 m l. Semifinal 1	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	100 m l. Semifinal 2	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	ALTURA	Homes (Sub18 en diante)	
	PESO	Homes (Sub 18 en diante)	
	PESO	Mulleres (Sub 18 en diante)	
20:45	100 m l. Semifinal 1	Mulleres (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	100 m l. Semifinal 2	Mulleres (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
21:00	400 m l.	Mulleres (Sub 18 en diante)	
21:10	400 m l.	Homes (Sub18 en diante)	
21:20	1.500 m l.	Mulleres (Sub18 en diante)	INTERNACIONAL
21:35	1.500 m l.	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	XAVELINA	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	XAVELINA	Mulleres (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	LONXITUDE	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
	LONXITUDE	Mulleres (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
21:50	100 m l. FINAL	Mulleres (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
22:00	100 m l. FINAL	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL
22:10	3.000 m obstáculos	Homes (Sub20 en diante)	INTERNACIONAL
22:25	4 × 100 m l. REMUDAS	Mulleres (Sub18 en diante)	INTERNACIONAL
22:35	4 × 100 m l. REMUDAS	Homes (Sub 18 en diante)	INTERNACIONAL

**CONCELLO
DE VIGO**



4.- No salto de altura o listón situarase en 1,50 e subirá de 5 en 5 cm ata 1,70 e despois de 3 en 3 cm.

5.- Nos concursos celebrados de forma conxunta (lonxitude e lanzamentos) pasarán á mellora un máximo de catro atletas na categoría masculina e 4 na feminina, independentemente de categoría e pesos.

6.- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes anterior. Os aspectos relativos a inscricións ou calendario de probas resolverase polo ORGANIZADOR. Para calquera dúbida ou aclaración diríxanse o mail da organización vigo@atletismo.gal

7.- Todos os inscritos confirmarán media hora antes de cada proba a súa participación en Secretaría, retirando o dorsal, que **devolverán despois de competir**.

8.- Todo o non previsto resolverase de acordo coas Normas Técnicas e Regulamentación da FGA, Regulamento RFEA e Regulamento de Competición e Técnico de World athletics.

Vº Bº DELEGACIÓN ATLETISMO EN VIGO